



Casa das Campás
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Rúa Don Filiberto 9-11. 36002 Pontevedra

Resolución reitoral do 9 de xaneiro de 2017, pola que se aproba a lista definitiva de obradoiros concedidos para o segundo cuadrimestre do ano académico 2016/2017.

Con data 19 de decembro de 2016 publicouse a lista provisoria de obradoiros concedidos para o segundo cuadrimestre do ano académico 2016/2017. Finalizado o prazo de reclamacións sen que se tivese presentado ningunha, esta Reitoría RESOLVE

Aprobar os obradoiros que se mencionan a continuación:

-Locución audiovisual


-Interpretación de instrumentos populares galegos

-Fala: oratoria e comunicación.

-Intelixencias múltiples. Experiencias educativas para a implementación na aula.

-Fotografía e xénero: análise de imaxes contra a desigualdade.

-Achégate ao tempo libre. A educación non formal como escenario profesional.



Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta Resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que a dictou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, segundo o disposto na Lei 30/92 de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Pontevedra, 9 de xaneiro de 2017

O Vicerreitor do Campus de Pontevedra,
(Por delegación, RR 07 05 2014)



Juan Manuel Corbacho Valencia

T. 986 802080
vic.pon@uvigo.es
campuspontevedra@uvigo.es

Diligencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro con esta data.

Pontevedra, 9 de xaneiro de 2017

